

**MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE AO CONTAXIO DE COVID-19 EN PROCESOS
SELECTIVOS NO CONCELLO DE VIGO – CONDUTOR/A BOMBEIRO/A**

Todas as medidas que se recollen neste documento, de ser correctamente aplicadas e nas condicións descritas, garanten que non se produza un contacto estreito durante a realización das probas, entendendo actualmente por contacto estreito “Calquera persoa que estivese no mesmo lugar que un caso, a unha distancia menor de 2 metros e durante máis de 15 minutos sen utilizar as medidas de protección adecuadas”, tendo en conta que non existe o risco cero de contaxio.

Non obstante, a situación cambiante no contexto actual de pandemia pode condicionar a celebración das ditas probas que deberán cumprir os requirimentos que sexan de aplicación nas datas concretas de celebración, como as limitacións de aforo vixentes en cada momento, seguindo os criterios das autoridades sanitarias autonómicas e nacionais que resulten de aplicación en cada momento.

1. Medidas a adoptar nas dependencias do Pavillón de Navia

Esta proba ten inscritos/as a un total de 126 aspirantes. Realizarase na pista do pavillón de Navia, que ten unhas dimensións de 51 m x 29 m, e disporanse 126 cadeiras con mesas para os aspirante separadas entre elas, de forma que entre o extremo dun asento e o asento máis próximo en calquera dirección haberá unha distancia mínima de 2 m. Ademais deixaranse corredores de non menos de 3 metros de ancho en cada bordo do recinto e dous centrais facendo unha cruz.

O espazo situado a dereita segundo se accede pola entrada Sur está dispoñible se algunha persoa vulnerable acude á realización da proba. Esta situación de vulnerabilidade deberá ser comunicada previamente ao órgano de selección aportando o correspondente xustificante médico.

O tribunal disporá de mesas que estarán separadas do resto das cadeiras un mínimo de 2 m e que permitirá que os membros do tribunal estean separados entre eles como mínimo esta mesma distancia.

Utilizaranse 4 portas de acceso. Non se utilizarán máis, pois inda que os/as aspirantes accedesen por portas distintas coincidirían nos corredores interiores, facendo máis probable o contacto que se acceden unicamente por estes 4 accesos que conducen á pista onde se celebrará a proba por distintos camiños. Por cada un destes accesos está previsto que entren un máximo de 32 aspirantes.

- A véspera da celebración do exame realizarase a desinfección da instalación, incluíndo nesta desinfección os aseos próximos e a sala de illamento que poida ser utilizadas no desenvolvemento do exame. Para esta desinfección utilizarase unha dilución de lixivia (1:49) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados polo Ministerio de Sanidade.
- Os aseos disporán de xabón e toallas de papel desbotables, así como de carteis con información sobre o correcto lavado das mans e papeleiras con tapa e pedal. Estarán sinalizados co aforo máximo permitido (4 persoas o aseo de homes ou outras 4 o de mulleres), e terá anuladas as cabinas que non se podan utilizar para respectar este aforo. Un policía local controlará o acceso aos aseo e evitará as aglomeracións.
- O recinto conta con ventilación natural que permite a renovación do aire (portas e ventás). Antes do comezo do exame realizarase unha ventilación completa do recinto. Durante a realización do exame manteranse portas e ventás abertas para manter ventilado o recinto.

SPPRL-CV 331/2020



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2020 17:25

Páxina 1 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 22EE8H-C25D45-BBE95D-W5BHT7-U7VJAW-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- En todos os accesos ao recinto onde se celebre o exame, así como nos espazos comúns, haberá dispensadores de solución hidroalcohólica.
- As instalacións (sala onde se desenvolve o exame, zonas comúns e sala onde se illará a persoa que presente síntomas compatibles coa COVID-19) disporán de cubo con bolsa de lixo no que os aspirantes poderán depositar máscaras, panos desbotables...
- En todos os accesos ao recinto estará sinalizado o uso obrigatorio de máscara, a obriga de desinfectar as mans e de manter a distancia de seguridade.
- Darase prioridade ao uso das escaleiras sobre o ascensor. En caso de ser necesaria a súa utilización, uso do ascensor será individual, salvo para aquelas persoas que poidan necesitar asistencia.
- As mesas, cadeiras... quedarán preparadas dende 24 horas antes. Todo o persoal que participe no proceso utilizará máscara e desinfectará as mans antes da súa colocación.

2. Medidas a adoptar durante a celebración das probas

- Por cada porta de acceso á sala onde se celebrará o exame chamarase a 36 participantes que serán convocadas de forma graduada en dous grupos de 15 ou 16 persoas, cunha separación de 10 minutos entre cada grupo.
- En cada porta de acceso estarán claramente sinalizados os/as aspirantes que deberán acceder por ela.
- En cada porta de acceso haberá un policía local para garantir que non se produzan aglomeracións dos/as aspirantes e se manteña de distancia mínima de seguridade de 2 m. Fronte a cada porta hai espazo suficiente que permite manter esta distancia.
- O chamamento realizarase co suficiente volume como para permitir que os aspirantes que esperan escoiten perfectamente evitando concentracións cerca da porta.
- O chamamento de admitidos/as para a celebración da proba selectiva realizarase coa máscara posta. Non se retirará en ningún momento.
- No momento do chamamento o/a participante mostrará á persoa que realiza a chamada o seu DNI estendendo o brazo para permitir a súa visualización mantendo a distancia de seguridade.
- No momento do acceso indícaráselle ao/a participante que lave as mans con solución hidroalcohólica e a continuación lle será entregada unha máscara hixiénica ou cirúrxica para garantir que todas son conformes a normativa e cumpren os valores requiridos de BFE. O/A participante retirará a que leva posta, colocará a que se lle entrega e desinfectará novamente as mans. En cada acceso haberá unha papeleira con bolsa de lixo para que os/as participantes podan tirar a que levaban posta se o desexan. Se quere conservar a que leva posta deberá ter previsto como gardala para non atrasar o chamamento
- En caso de que algún/ha participante non poda desinfectar as mans por ter algunha ferida, corte, venda ou férula nalgunha man poderán poñerse a súa disposición luvas por se as quere utilizar. Non se permitirá a utilización das luvas que traian postas.
- En caso de choiva non se utilizarán paraugueiros. Proporcionarase unha bolsa a cada aspirante para introducir o paraugas, que levará consigo ata o lugar asignado.

SPPRL-CV 331/2020



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2020 17:25

Páxina 2 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 22EE8H-C25D45-BBE95D-W5BHT7-U7VJAW-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- A colocación dos candidatos realizarase de maneira que se comece por ocupar as zonas máis afastadas das portas de acceso para minimizar na medida do posible a interacción entre persoas. O tribunal deberá dar instrucións para que o abandono da sala se realice en sentido contrario, comezando polos postos máis próximos aos accesos.
- Unha vez o/a participante ocupe un asento, ocupará o mesmo lugar durante toda a proba, a menos que resulte indispensable realizar un cambio, caso no que se deberán adoptar as medidas de desinfección necesarias.
- Cada participante levará o seu propio bolígrafo e material que sexa necesario para a realización do exame.
- En cada asento haberá un papel cun número que identifica o lugar ocupado durante a realización da proba, que coincidirá co número da mesa ou cadeira. Unha vez estean sentados todos os/as participantes o tribunal dará instrucións para que cada aspirante cubra este papel co seu nome, apelidos e teléfono de contacto por se fora necesario contactar con ela. Este rexistro coa localización dos/as aspirantes durante a celebración da proba será custodiado durante un prazo mínimo dun mes polo tribunal, cumprindo coa normativa de protección de datos.
- Unha vez estean sentados todos os/as participantes e antes de comezar co reparto dos exames, o persoal que colabore neste reparto desinfectará as mans.
- As instrucións que deban ser impartidas aos/as participantes na proba realizaranse coa máscara posta.
- No interior do recinto utilizarase a megafonía para dar as instrucións necesarias. Os micrófonos serán de uso individual, ou se desinfectarán despois de cada uso, ou se lles colocará un protector para cada uso, de forma que se minimize o risco de contaxio.
- O reparto dos exames realizarase mantendo a distancia de seguridade na medida do posible, entregando un exame a cada participante sen permitir a mobilidade das persoas do seu sitio.
- Se se permite beber durante o exame, a máscara será retirada o tempo imprescindible para realizar a inxesta.
- Unha vez rematado o exame ninguén se moverá do seu sitio. Agardarase a que o persoal de apoio recolla os exames e follas de rexistro. Unha vez concluída esta operación o tribunal dará as instrucións para que as persoas abandonen a sala de forma ordenada, comezando polos asentos máis próximos as saídas e dando indicacións para que non se produzan corros ou aglomeracións nas inmediacións da instalación.

3. Actuación en caso de que algún dos aspirantes presente síntomas compatibles coa COVID-19 e de participantes no exame exentos do uso de máscara

Non poderán acudir a realizar a proba aquelas persoas que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aquelas persoas que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19. Tampouco acudirán aqueles que se atopen en período de corentena domiciliaria por manter un contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de COVID-19.

En caso de pertencer ao grupo de poboación vulnerable, o/a participante haberá de seguir as indicacións do seu profesional sanitario respecto das medidas de prevención e protección adecuadas á súa circunstancia. Se fose necesaria algunha adaptación para a realización das probas, o comunicará ao

SPPRL-CV 331/2020



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2020 17:25

Páxina 3 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 22EE8H-C25D45-BBE95D-W5BHT7-U7VJAW-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



órgano convocante coa suficiente antelación. Aquelas persoas vulnerables e as que estean exentas de utilizar máscara por razóns médicas o xustificarán mediante o correspondente informe médico e realizarán o exame nunha sala separada do resto dos participantes, que será vixiada por un membro do tribunal protexido con máscara FFP2 ou FFP3, que manterá en todo momento a distancia de seguridade.

Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúen febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

En caso de que un/ha participante inicie síntomas compatibles coa COVID-19 durante a celebración da proba de selección, informará inmediatamente a un membro do tribunal ou persoal de apoio. Se procederá a facilitar unha máscara cirúrxica ao participante, e un membro de tribunal colocará unha máscara FFP2 ou FFP3 e unha pantalla facial e acompañará ao participante á sala illada e con ventilación prevista para esta circunstancia. Se o/a participante está en condicións poderá continuar coa proba nesta sala. Ao finalizar, se o/a participante está en condicións volverá polos seus propios medios ao seu domicilio. Se non fose así, contactarase co teléfono do médico de atención primaria do afectado ou o de información da Xunta para a COVID-19 (900 400 116) e seguiranse as súas indicacións. Para residentes fora de Galicia chamarase ao 881 00 20 21. No caso de que a persoa que inicia síntomas estea en situación de gravidade ou teña dificultades para respirar chamarase ao 061.

En caso de que quen presente síntomas sexa un membro do tribunal ou persoal de apoio, proporcionaráselle unha máscara cirúrxica e en caso de poder irse ao seu domicilio polos seus propios medios, marcharase. De non ser así, illarase na sala prevista e chamará aos teléfonos indicados no parágrafo anterior. Se necesita que alguén lle acompañe, o/a acompañante utilizará máscara FFP2 ou FFP3 e pantalla facial.

Unha vez a persoa illada abandone o recinto, este ventilarse e darase aviso para que se proceda a súa limpeza e desinfección, así como ao baleirado da papeleira onde se depositaran máscaras, panos desbotables ou outros produtos utilizados polo sospeitoso de padecer COVID-19, que se desbotarán seguindo o protocolo correspondente (a bolsa de lixo será extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto).

En caso de que nos días seguintes á celebración do exame algún/ha participante sexa diagnosticado positivo en COVID-19, solicítase o comunique ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

4. Medidas a adoptar polo Tribunal do proceso selectivo en reunións e traslados

- As reunións do tribunal serán telemáticas sempre que sexa posible. Nas reunións presenciais seguiranse as seguintes indicacións:
 - Limitar o número de asistentes á reunión ao mínimo necesario. Os/as asesores/as e persoal de apoio asistirán o tempo imprescindible.
 - O lugar onde se celebre a reunión permitirá a ventilación do espazo. Esta ventilación será permanente mentres dure a reunión. Se isto non fora posible realizarase unha ventilación que garanta a renovación completa do aire antes do comezo da reunión e a intervalos periódicos, que se recomenda non sexan superiores a unha hora.
 - Manter en todo momento a distancia mínima de 2 m entre os/as asistentes á reunión. Evitar

SPPRL-CV 331/2020



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2020 17:25

Páxina 4 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 22EE8H-C25D45-BBE95D-W5BHT7-U7VJAW-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



saúdos ou demostracións de afecto que impliquen o acercamento ou contacto físico.

- Uso obrigatorio da máscara proporcionada todo o tempo que dure a reunión. Se a reunión se prolonga, deberán renovar a máscara que leven posta pasadas 4 horas dende a súa colocación.
- Desinfectarase as mans con auga e xabón ou solución hidroalcohólica antes de acceder á reunión. Disporase de solución hidroalcohólica desinfectante na sala por se durante a reunión fora necesario compartir documentación ou alguén necesita desinfectar as mans.
- No caso de que algún membro do tribunal teña algunha ferida, corte, venda ou férula nalgunha man, utilizará luvas se debe compartir documentación ou calquera outro material. Se lle deberá explicar a correcta forma de retirar as luvas para evitar o contaxio.
- Disporase de desinfectante de superficies e panos desbotables (ou panos humedecidos con desinfectante) por se fora necesario desinfectar a mesa de traballo ou material que sexa necesario compartir.
- Non compartir obxectos (teléfonos móbiles, ordenadores portátiles, tablets...) como norma xeral. Se resulta indispensable compartir obxectos, deberanse desinfectar antes e tras o uso.
- Unha vez rematada a reunión ventilarase a sala e darase aviso para que se proceda a súa limpeza.
- En caso de que algún/ha asistente á reunión necesite beber, retirará a máscara o tempo imprescindible para a inxesta. Esta mesma medida adoptárase en caso de que sexa necesario que os asistentes deban permanecer xuntos durante o xantar, caso no que deberán manter a distancia de seguridade, facelo nun lugar ben ventilado e retirar a máscara solo para a inxesta.
- Cada membro do tribunal substituirá a máscara que leve posta pola que lle sexa facilitada antes de comezar calquera reunión presencial ou proba. Si dura máis de 4 horas lle serán facilitadas dúas para que a cambie transcorrido este tempo.
- Se fose necesario proporcionar algunha documentación aos membros do tribunal ou ao persoal de apoio, esta será enviada vía telemática sempre que sexa posible.
- Non acudir a unha reunión ou celebración de proba se presenta síntomas asociados á enfermidade COVID-19 (febre alta, tos seca e falta de aire son os máis comúns) ou se estivo en contacto estreito cunha persoa que poida estar infectada (caso sospeitoso ou confirmado de COVID-19).
- Se nas seguintes 72 horas á celebración da reunión ou proba calquera asistente ten síntomas compatibles coa COVID-19 ou é diagnosticado coa COVID-19 deberá informar ao/á presidente/a a reunión o antes posible para poder realizar o correcto rastrexo de contactos estreitos, no seu caso. O/A presidente/a do tribunal o poñerá en coñecemento do servizo médico e seguirá as súas indicacións.
- O tribunal deberá extremar a puntualidade os días de celebración das probas para que estas comecen á hora prevista e evitar a concentracións dos/as participantes mentres esperan.
- Os traslados que deban realizar de maneira conxunta para garantir a transparencia dos procesos selectivos realizaranse levando posta en todo momento a máscara sobre as que se teñan garantías de que cumpren a normativa de aplicación (recollida no apartado de material necesario). O vehículo que se utilice para estes traslados circulará coas ventás abertas para favorecer a renovación do aire.

SPPRL-CV 331/2020



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2020 17:25

Páxina 5 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 22EE8H-C25D45-BBE95D-W5BHT7-U7VJAW-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**5. Información para o persoal de apoio**

- Non acudir a unha reunión ou celebración de proba se presenta síntomas asociados á enfermidade COVID-19 (febre alta, tos seca e falta de aire son os máis comúns) ou se estivo en contacto estreito cunha persoa que poida estar infectada (caso sospeitoso ou confirmado de COVID-19).
- Se nas seguintes 72 horas á celebración da reunión ou proba calquera asistente ten síntomas compatibles coa COVID-19 ou é diagnosticado coa COVID-19 deberá informar ao/á presidente/a do tribunal o antes posible para poder realizar o correcto rastrexo de contactos estreitos, no seu caso.
- Se fose necesario proporcionar algunha documentación ao persoal de apoio, esta será enviada vía telemática sempre que sexa posible.
- Cada persoa de apoio substituirá a máscara que leve posta pola que lle sexa facilitada antes de comezar calquera reunión presencial ou proba. Se dura máis de 4 horas lle serán facilitadas dúas para que a cambie transcorrido este tempo. O uso da máscara é obrigatorio todo o tempo.
- Xusto antes de acceder as reunións nas que sexa requirido desinfectarán as mans con auga e xabón ou xel hidroalcohólico.
- As instrucións que lles sexan indicadas para a súa actuación durante a celebración do exame realizarase mantendo a distancia mínima de 2 m para evitar ser contactos estreitos en caso de que haxa algún positivo.
- Antes de comezar o reparto de táboas, folios, exames ou calquera outro material deberán desinfectar as mans con auga e xabón ou solución hidroalcohólica.
- Unha vez rematen de recoller os exames e, se procede, as etiquetas, os entregarán ao tribunal e desinfectarán as mans con auga e xabón ou solución hidroalcohólica.
- No caso de que algunha persoa de apoio teña algunha ferida, corte, venda ou férula nalgunha man, utilizará un par de luvas para a entrega dos exames e outro para a recollida. Se lle deberá explicar a correcta forma de retirar as luvas para evitar o contaxio.

6. Material necesario: características

- Xel hidroalcohólico: autorizado polo Ministerio de Sanidade, con efecto virucida (conforme a UNE 14476) e rexistro na AEMPS.
- Solución desinfectante para limpeza de superficies: Disolución de lixivia (1:49) recentemente preparada ou calquera desinfectante incluído no listado de virucidas autorizado polo Ministerio de Sanidade destinado a usuarios público en xeral, salvo que a desinfección se realice por parte de profesionais coa capacitación necesaria para usar os produtos de uso profesional. Listado actualizado no seguinte enlace:
https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado_virucidas.pdf
- A solución desinfectante e pano desbotable poden ser substituído polo uso de toallíñas empapadas en solución desinfectante, que deben estar incluídas no listado de virucidas autorizado polo Ministerio de Sanidade.

SPPRL-CV 331/2020



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2020 17:25

Páxina 6 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 22EE8H-C25D45-BBE95D-W5BHT7-U7VJAW-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- Máscaras desbotables:
 - hixiénicas (conforme a UNE 0064-1:2020 + ensaio de laboratorio no que aparezan claramente identificados os valores de eficacia de filtración bacteriana ($BFE \geq 95$) e respirabilidade ou presión diferencial ($< 60 \text{ Pa/cm}^2$). Recoméndase que o laboratorio estea acreditado para realizar estes ensaios pola entidade de acreditación do seu país (en España ENAC, <https://www.enac.es>) ou, de non estar especificamente acreditado para o ensaio, estea acreditado por ENAC como laboratorio para ensaios/produtos similares e teña experiencia contrastada.
 - cirúrxicas (con marcado CE conforme a UNE 14683:2019+AC:2019 + ensaio de laboratorio no que aparezan claramente identificados os valores de eficacia de filtración bacteriana ($BFE \geq 95$) e respirabilidade ($< 60 \text{ Pa/cm}^2$)+ declaración de conformidade)
- Papeleiras dotada de bolsa para o lixo, tanto no recinto previsto para o exame (deberá haber como mínimo una por porta de acceso máis algunha no interior) coma na sala prevista para o illamento de quen poda desenvolver síntomas compatibles coa COVID-19. Nesta sala a bolsa de lixo será dobre.
- Sinalización de uso obrigatorio da máscara, obriga de desinfectar as mans, obriga de manter a distancia de seguridade.
- Sala de illamento, que deberá contar con ventás para garantir a ventilación.
- EPI:
 - Máscara FFP2 ou FFP3 sen válvula de exhalación: EPI categoría III con marcado CE conforme á UNE EN 149:2001+A1:1010 + declaración UE de conformidade emitido polo fabricante + certificado de exame UE de tipo expedido por organismo notificado.
 - Pantalla facial: EPI categoría III con marcado CE conforme á UNE EN 166 campo de uso 3, protección fronte salpicaduras de líquidos, para quen acompañe á persoa que presente síntomas compatibles coa COVID-19.
 - Luvas: EPI categoría III con marcado CE conforme á EN 374- 5:2016 (inclúe pictograma de risco biolóxico coa palabra VIRUS debaixo deste), para quen presente feridas, cortes, vendas ou férulas nalgunha man.
- Panos desbotables (pode ser bobina de papel desbotable).

SPPRL-CV 331/2020



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2020 17:25

Páxina 7 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 22EE8H-C25D45-BBE95D-W5BHT7-U7VJAW-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**INFORMACIÓN PARA OPOSITORES: MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE AO
CONTAXIO DE COVID-19**

- Ningunha persoa acudirá á realización da proba se está en corentena, foi diagnosticada como positiva en COVID-19 e non finalizou o período de illamento, presenta síntomas compatibles coa COVID-19 (febre alta, tos seca e falta de aire son os máis comúns) ou se atopa en período de corentena por haber tido contacto estreito cunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.
- En caso de que algún/ha participante pertenza ao grupo de poboación vulnerable fronte á COVID-19 e necesite dalgunha adaptación indicada polo seu profesional sanitario, o comunicará ao órgano convocante no prazo máximo de 3 días hábiles dende a publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, xustificando esta vulnerabilidade adecuadamente mediante certificado médico (exención ao uso de máscara, necesidade de utilizar máscara de protección tipo FFP2 ou FFP3...).
- Recoméndase non acudir acompañados/as para evitar aglomeracións.
- Deberá ser puntual na hora da convocatoria para o chamamento.
- Deberá manter a distancia de seguridade en todo momento, tanto no interior como no exterior das dependencias.
- Evitará aglomerarse ao redor da porta de acceso á sala onde se celebrará a reunión. O chamamento realizarase co suficiente volume como para permitir que escoite perfectamente.
- Ensine o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso.
- No momento do acceso deberá lavar as mans con solución hidroalcohólica e a continuación lle será entregada unha máscara para garantir que todas son conformes a normativa e cumpren os valores requiridos de BFE. Deberá retirar a que leva posta, colocará a que se lle entrega e desinfectará novamente as mans. En cada acceso haberá unha papeleira con bolsa de lixo para que poda tirar a que levaba posta se así o desexa. Se a quere conservar, teña previsto como facelo para axilizar a entrada.
- En caso de que algún/ha aspirante non poda desinfectar as mans por ter algunha ferida, corte, venda ou férula nalgunha man disporá de luvas por se as quere utilizar. Non se permitirá a utilización de luvas que traian postas.
- Cada participante levará o seu propio bolígrafo e material que sexa necesario para a realización do exame de acordo coa convocatoria da proba.
- Unha vez o/a participante ocupe un asento, ocupará o mesmo lugar durante toda a proba, a menos que resulte indispensable realizar un cambio, caso no que se deberán adoptar as medidas de desinfección necesarias.
- Non se permitirá o uso dos aseos salvo urxencia. En caso de utilizarse, respectarase os aforos e manterase a distancia mínima de seguridade en todo momento.
- Respectarase a sinalización do recinto en todo momento (distancia de seguridade, límite de aforo, sentidos de circulación).
- Priorizarase o uso das escaleiras.

SPPRL-CV 331/2020



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2020 17:25

Páxina 8 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 22EE8H-C25D45-BBE95D-W5BHT7-U7VJAW-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- Non abandonará a sala ata que o tribunal o indique. A sala baleirarase comezado polos postos máis próximos aos accesos, seguindo as instrucións do tribunal. Unha vez finalizada a proba abandonará as dependencias e inmediacións evitando aglomeracións de persoas.
- Se nas seguintes 72 horas á celebración do exame é diagnosticado/a positivo/a en COVID-19, solicítase o comunique ao Concello de Vigo no correo electrónico ofi.persoal@vigo.org por se fora necesaria a adopción de medidas preventivas.
- Recoméndase que acudan a proba ben abrigados. Lémbrese que unha das medidas fundamentais para evitar a propagación da COVID-19 é unha adecuada ventilación dos espazos, polo que portas e ventás permanecerán abertas durante a celebración dos exames.
- No caso de aparición de síntomas durante a celebración da proba avisarase ao tribunal ou persoal de apoio. O recinto conta cunha sala COVID ao que será conducido neste caso. Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúe febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

SPPRL-CV 331/2020



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/12/2020 17:25

Páxina 9 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 22EE8H-C25D45-BBE95D-W5BHT7-U7VJAW-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>